

ESCOITAR O MUNDO

REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Xoves 4 maio 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

SONS DO LESTE

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Danie, director

Rosanne Philippens, violín



PROGRAMA

I

PIOTR ILICH CHAIKOVSKI (1840-1893)

Concerto para violín en Re maior, op. 35, TH 59

Allegro moderatto

Canzonetta: Andante

Finale: Allegro vivacissimo

Rosanne Philippens, violín

II

LEOŠ JANÁČEK (1854-1928)

Taras Bulba

Morte de Andril (Smrt Andrijova)

Morte de Ostap (Smrt Ostapova)

Morte e profecía de Taras Bulba (Proroctví a smrt Bulby)

ZOLTÁN KODÁLY (1882-1967)

Danzas de Galanta

Lento

Allegretto moderato


Allegro con moto, grazioso

Allegro

Allegro vivace

Duración aproximada do concerto: 100 minutos (con pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxo, etc.



REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde xaneiro de 2023, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Directora

Paul Daniel

Violín

Rosanne Philippens

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de concertino)
Anca Smeu **
Daniel Kordubaylo
Victoria Jurov
Yulia Petrushevskaya
Anna Alexandrova
Claudio Guridi
Michal Ryczel
Ilya Fisher
Ramón
Rodríguez-Peña ***
Juan P. Calderón ***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Samira Ajkic
Gyula Vadaszi
Irina Gruia
Helena Sengelow
Elina Viksne
Kiyoko Ohashi
Enrique Roca

Celia Montáñez ***

Daniel Rodríguez ***

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Oxana Bakulina
Iriana Fernández
Timur Sadykov
Ionela Ciobotaru
Anne Schlossmacher
Fernando Fresno ***

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Millán Abeledo
Carlos García
Manuel Lorenzo
Thomas Piel
Robrecht de Roeck ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Cristina Ortego (R)
Pablo Rincón ***

FRAUTAS

Aleix Vaqué (R)
Carmen Ferreiro (R)
Carlos Cascales ***

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **
Rosalba Olivares ***

CLARINETES

Vicente López *
Bernardino Assunçao
(R)

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **
Belén Carril ***

TROMPAS

Jordi Ortega *
Xavier Ramón **
Miguel Linares (R)
Pablo Pazos (R)

TROMBÓNS

Arturo Centelles (R)
Juan L. Novo (R)
Brais Molina (R)

TUBA

Hugo Portas (R)*

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **
Carlos López ***

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Gonzalo Zandundo
(R)
Gonzalo Otero ***

ARPA

Lara Fonseca (R)

ÓRGANO

Fernando Buide (R)

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

PAUL DANIEL

DIRECTOR

Foi director principal e artístico da Real Filharmonía de Galicia desde 2013 ata 2022, sendo tamén o director musical da Orquestra Nacional de Bordeos desde o 2013 ata o 2021. Ocupou o mesmo cargo na Orquestra Sinfónica de Australia Occidental en Perth de 2009 a 2013 e ten actuado como director invitado coas principais orquestras e compañías de ópera de todo o mundo, ademais de ocupar varios postos permanentes. De 1997 a 2005 foi director musical da English National Opera; de 1990 a 1997 foi director musical de Opera North e director principal da English Northern Philharmonia; e de 1987 a 1990 foi director musical da Opera Factory. Entre os seus compromisos como convidado de ópera atópanse a Royal Opera House, Covent Garden, La Monnaie de Bruxelas, a Bayerische Staatsoper de Múnic, a Deutsche Oper de Berlín, a Semperoper de Dresde e a Metropolitan Opera de Nova York.

Os compromisos orquestrais de Paul Daniel inclúen actuacións

coa Philharmonia, a Filharmónica de Londres, a OAE (coa que gravou *Elijah* para Decca), a Orquestra Sinfónica da Cidade de Birmingham, a Academia de Música Antiga, a Orquestra de París, a Orquestra Sinfónica da Radio de Baviera, a Gürzenich-Orchester Köln, a Gewandhaus de Leipzig, a Filharmónica da Radio dos Países Baixos, a Filharmónica de Tampere, a Orquestra de Cleveland, a Sinfónica de Milwaukee, a Filharmónica de Nova York e a Filharmónica de Los Ángeles.

Os seus plans operísticos recentes e futuros inclúen *Lucrezia Borgia* e *As vodas de Fígaro* para a English National Opera, *Gloriana* para o Covent Garden, un novo encargo de Judith Weir para o Festival de Bregenz e o Covent Garden, *Lulu* para La Monnaie de Bruxelas, un programa dobre de *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* para a Opera National de París, *Les Troyens* para a Deutsche Oper de Berlín, *Hänsel und Gretel* en Zúric, *A Village Romeo and Juliet* para


2023

a Ópera de Frankfurt e *Werther* para o New National Theatre de Toquio. No verán de 2019 Paul Daniel dirixiu a estrea mundial de *The Thirteenth Child* de Poul Ruders en Santa Fe, e *Elektra*, *Tristan und Isolde* e *Die Walküre* en Bordeos. Os seus compromisos orquestrais inclúen concertos coa Filharmónica da BBC, a Royal Philharmonic, a Sinfónica de Hamburgo, a Rundfunkorchester de Múnic, a Academia Nacional de Música de Australia, a a Nova Orquestra Nacional de Gran Bretaña e o Festival de Bregenz.

As súas numerosas gravacións inclúen o exitoso CD da *Terceira Sinfonía* de Elgar en Naxos, e unha discografía en expansión coa Orquestra Nacional de Bordeos. A súa interpretación de *Lulu* para La Monnaie, con Barbara Hannigan no papel principal, foi editada nun premiado DVD.

Dos premios que recibiu destaca un Olivier pola súa aportación á ópera e un Gramophone pola súa serie sobre música inglesa

gravada co selo Naxos. Nos New Year's Honour do ano 2000 foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico.



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

ROSSANE PHILIPPENS VIOLÍN

Rosanne Philippens é unha comunicadora extraordinaria, cunha musicalidade innata e unha forma de facer música contaxiosamente alegre e sincera. A súa forma de tocar é refinada, exuberante e profunda, e foi descrita polo diario holandés De Telegraaf como “enérxica, sensible e impecable”. Actuou nas principais salas e ciclos dos Países Baixos como solista e música de cámara e, cada vez, é máis solicitada internacionalmente. Durante os momentos máis escuros da pandemia da Covid, Philippens canalizou as súas enerxías na creación dun novo conxunto, as Vondel Strings, coas que traballou intensamente e que deron lugar a unha actuación no Concertgebouw e a unha nova gravación de Haydn e Stravinsky, editada por Channel Classics.

Na temporada 22/23 destaca o seu debut coa Royal Philharmonic de Londres, unha xira por Alemaña coa SWR Konstanz e os seus compromisos de regreso coa BBC Scottish Symphony, St Gallen

Symphony, Ulster Orchestra e a Orchestre National d’Ile de France no Festival Classique au Vert de París.

Recentemente, Philippens actuou como intérprete/directora coa Orchestre National d’Ile de France, incluíndo unha actuación na Philharmonie de París, e coa Orchestre National de Lyon, recibindo en ambas as ocasións novas invitacións inmediatas. Foi solista coa Filharmónica de Róterdam en De Doelen, a Filharmónica da Radio Holandesa na prestixiosa programación da Zaterdag Matinee, a Residentie Orkest tanto na Haia como na Sala Concertgebouw de Ámsterdam e coa Orquestra Sinfónica de Barcelona no Palau da Música dentro do Festival Mozart 2021. En Alemaña actuou a tempada pasada no Prinzregententheater e na Liederhalle Stuttgart, debutou coa Sinfónica de Tenerife, a Sinfónica de Norrköping, Orchestre d’Auvergne e a BBC Scottish Symphony Orchestra que a volveu convidar inmediatamente

2023

para o curso 22/23. Entre os directores cos que traballou atópanse Nézet-Séguin, Foster, Tausk, de Vriend, Hermus, Collon, Equilbey, Edusei.


En recital e música de cámara, Philippens toca regularmente con artistas como Kian Soltani, István Vardai, Vilde Frang, Julien Quentin, Vikingúr Olafsson, Amihai Grosz, Camille Thomas e Zoltán Fejérvári en salas e festivais de toda Europa. Como firme partidaria de romper barreiras na música clásica, anteriormente dirixiu o seu propio ciclo de concertos “The Amsterdam Salon”, no que presentaba concertos de gran calidade en lugares insólitos e coidadosamente seleccionados, nun ambiente íntimo de salón.

Philippens grava en exclusiva para Channel Classics e todas as súas gravacións recibiron eloxios. The Strad describiu o seu CD *Insight* como “á vez suavemente falado e intensamente poderoso” e a Philippens como unha “intérprete deslumbrante”. Entre

os seus álbums anteriores figuran *Dedications*, con obras de Kreisler, Fauré e Ysaye, e unha gravación do 2º Concerto de Prokofiev, descrita por BBC Magazine como “un triunfo”.

Rosanne Philippens estudou desde moi nova con Anneke Schilt na Escola de Música de Amstelveen. Continuou os seus estudos no Real Conservatorio da Haia e na Academia Hanns Eisler de Berlín con Coosje Wijzenbeek, Vera Beths, Anner Bylsma e Ulf Wallin, recibindo a máxima distinción de ambos os institutos. Philippens gañou o primeiro premio no Concurso Nacional de Violín dos Países Baixos en 2009 e no Concurso Internacional de Violín de Friburgo en 2014.

Philippens toca co Stradivarius Barrere de 1727, grazas ao xeneroso apoio da Fundación Elise Mathilde.



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23


Chaikovski é un dos compositores románticos máis representativos, tanto pola natureza da súa música como polo devir da súa axitada vida persoal, apaixonante e mesmo contraditoria. Representou unha tendencia claramente cosmopolita e foi quen de fusionar elementos nacionalistas rusos coa tradición clásica, algo palpable no seu ecléctico catálogo que inclúe obras relevantes de case todos os xéneros existentes, pezas cuxa beleza vén da ilimitada riqueza da súa expresión melódica da emoción, o seu traballo harmónico, o seu sentido do ritmo e a súa mestría para acadar un esplendor orquestral identificador do seu estilo. Cando o compositor iniciou a escritura deste concerto, deixaba o seu posto de profesor no Conservatorio de Moscova e fracasaba o seu matrimonio con Antonina Ivanovna Miliukova. A procura de tranquilidade levouno á ribeira do suízo lago Lemán e alí comezou a recibir axuda económica da mecenas Nadezhda Filaretovna von Meck — coa que se relacionou unicamente por correspondencia—, á que tempo despois engadiu unha pensión vitalicia do Zar Alejandro III, admirador da súa música. Todo iso permitiulle recobrar o optimismo e continuar creando, xurdindo o *Concerto para violín e orquestra* cuxo primeiro bosquejo data

da primavera de 1878 e, en compañía do virtuoso violinista ruso Josef Kotek, desenvolveron a parte solista. En varias cartas á súa benfeitora, o músico escribiu: “o primeiro movemento está listo, satisfaimos, en cambio non estou contento co *Andante*, terei que modificalo totalmente ou compoñer un novo, mentres que o *Finale* tamén quedou logrado” e engadía días despois: “compuxen hoxe outro *Andante* que se adapta mellor aos outros movementos [...] empezarei a realizar a súa orquestración”. Rematada a partitura, estaba destinada a Kotek polo seu compromiso para estrearla pero, tras lela, renunciou. Dese xeito, Chaikovski dedicou a peza ao famoso Leopold von Auer, quen non quixo aprender a obra argumentando que era imposible de interpretar. O mesmo sucedeu con Émile Sauret ata que a partitura chegou a Adolf Brodsky quen, ata a estrea, tivo altibaixos co concerto recoñecendo ‘demasiadas dificultades’ e que o impulsor da presentación da obra fora Hans Richter. En todo caso, en xeral, o éxito da música de Chaikovski non foi inmediato e, aínda que non tardou en ser popular en todo o mundo, na primeira execución deste concerto na Viena de 1881 o célebre crítico Edward Hanslick escribiu: “O novo e pretensioso concerto de

Chaikovski procede con musicalidade só durante algúns instantes, e ben pronto sobrevén a rudeza... O *Andante*, coa súa melancolía eslava, fai que nos reconciliemos coa obra, pero de novo as nosas ilusións veñen abaixo, pois o *Finale* conduce á brutalidade desenfreada dunha orxía rusa, e parécenos ver só rostros plebeos e obtusos, oír brutais blasfemias e ulir o cheiro dunha augardente de mala calidade...”. Mais cando Brodsky interpretou o concerto en Moscova e Londres, recolleu o aplauso do público ademais do agradecemento do compositor substituindo na partitura o nome de Auer —quen finalmente tocou a peza en numerosas ocasións— polo do seu primeiro intérprete como dedicatario.

Nacido nunha zona rural preto da antiga fronteira entre Moravia e Silesia, Leoš Janáček introduciuse na música da man do seu pai, un mestre con formación musical. Aínda neno, chegou a formar parte do coro da Abadía agostiña de Santo Tomás de Brno e co tempo, graduouse na Escola de Órgano de Praga. Como Kodály e Khachaturian, Janáček interesouse polos cantos populares da súa terra, tanto campesiños como arcaico-relixiosos e, aínda co respecto inicial

pola música de Wagner e Smetana, investigou minuciosamente a música e as características da fala con especial atención ao dialecto *lachi* da súa rexión natal, concluindo que “todos os misterios melódicos e rítmicos da música encontran a súa explicación na melodía e no ritmo dos motivos musicais da linguaxe falada”. Esta nova formulación musical implicaba cambios significativos nos demais elementos da composición, como a harmonía e a instrumentación. O que chama a atención na música de Janáček é a repetición continua duns deseños melódicos ou figuracións tímbricas e harmónicas esenciais, que dan a sensación de extrema mobilidade rítmica co cambio repentino da melodía dun instrumento a outro, segundo os módulos da música popular e por iso así o define Giorgio Vigolo: “un músico de asalto e ruptura, un polemista dos sons que rompe o círculo da época para redescubrir as interxeccións e as interseccións; é un gramático e un falante dialectal que cava na terra unhas raíces locais rebelándose contra o dominio dunha gran lingua musical europea para conquistar pequenas autonomías rexionais». Foi nos anos



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA


TEMPORADA DE ABONO 2022-23

da Primeira Guerra Mundial cando Janáček se adica exclusivamente á composición e empeza a ser coñecido despois da estrea da ópera *Jenufa* (1916), escrita durante varios anos afectado polo falecemento da súa filla Olga. Este éxito lévao a escribir novas partituras como *Taras Bulba*, unha das que baseou en obras da literatura rusa que tanto admiraba. A historia de Nicolai Gogol amosa a figura lendaria de Taras Bulba, comandante dos cosacos de Zaporoski, e narra os acontecementos que rodearon a súa morte nunha guerra contra os polacos (1628) que o compositor converteu nunha suite orquestral en tres movementos, que denominou rapsodia. Escrita entre 1915 e 1918 e estreada en 1921, a obra divídese en tres partes ben diferenciadas: a primeira, *A morte de Andrej*, relata a historia dun dos fillos de Taras que, namorado da filla do voivoda polaco, loita contra o seu propio pobo nunha batalla preto de Dubno. O corno inglés representa o pensamento de Andrei sobre a súa amada, mentres que a orquestra e órgano representan a catástrofe que se aveciña e os habitantes da cidade; os trombóns anuncian a batalla. O movemento termina cando Taras mata ao seu propio fillo. A segunda parte, *A morte*

de Ostap, asoma como homenaxe ao segundo fillo de Taras Bulba capturado polos polacos que irrompen nunha mazurca de celebración e torturan a Ostap, cuxo lamento ao seu pai vén da man dun só salvaxe de clarinete que lembra á fantasía da *Sinfonía* de Berlioz e a *Till Eulenspiegel* de Strauss. É no terceiro e último movemento no que chega a morte do comandante cosaco en medio de presaxios de vitoria, comeza ameazador, con singulares interaccións entre cordas e ventos. Taras vinga a morte de Ostap mais é detido e condenado a morrer na fogueira mentres os seus inimigos enlouquecen a ritmo dunha 'cracoviana', a típica danza popular. O movemento desenvólvese a través de innumerables fragmentos e seccións curtas que inclúen momentos de amor nostálxico, música bailable e, de volta, o órgano brillante e misterioso ao carón das cordas interpretando un motivo rítmico repetido. A voz de Taras Bulba dá a súa visión sobre a redención e a gloria futura do seu pobo a través de fanfarras ao lonxe, campás e órgano que acompañan un poderoso *crescendo* de toda a orquestra e unha nova melodía, propiamente janacekiana, proxecta sobre o futuro, auspicios dunha merecida liberdade.

O compositor e intelectual Zoltán Kodály foi un dos referentes húngaros nos eidos da musicoloxía e a pedagogía musical. Rematada a súa formación superior en composición, pedagogía e musicoloxía na Academia de Música de Budapest, entre 1904 e 1906, viaxou a París para perfeccionar os seus estudos e, máis tarde, xunto ao seu colega Béla Bartók, un Kodály xa maduro, recompilou e publicou numerosas cancións do folclore húngaro que el mesmo definía: “son obras que expresan a máis íntima esencia da música popular”. Co tempo, Kodály introduce en varias composicións as lembranzas da súa infancia que estivo chea de experiencias musicais diversas e así, coñeceu de primeira man, desde moi pequeno, orquestras de música popular de distintos lugares do Imperio Austrohúngaro, xa que o seu pai era xefe de estación dos ferrocarrís imperiais e trasladábanse con certa frecuencia dunha vila a outra. Un deses lugares onde pasou parte da súa nenez foi Galanta, onde coñeceu as danzas e cantos cingáros das bandas de xitanos que por alí transitaban. Dese xeito, en 1933, cando a Sociedade Filharmónica de Budapest celebra o seu octoxésimo aniversario, Kodály escribe como

homenaxe “aos sete anos máis fermosos da miña infancia” as *Danzas de Galanta*, inspiradas nunha recompilación de danzas húngaras desa rexión publicadas en 1800. A obra foi estreada en outubro do ano de composición e as cinco danzas interprétanse sen interrupción como se se tratase dunha única longa con cambios de tempo e ritmo. Tras unha emotiva introdución lenta aparece a primeira danza, pausada e dramática, na que o clarinete, cunha pasaxe rápida de ritmo libre, reproduce os bailes interpretados nas cerimonias de recrutamento dos húsares, os *verbunkos* para simbolizar que a vida de soldado era a mellor. Segue unha danza máis áxil protagonizada pola frauta, que destila algo de oriental debido aos trinos e o triángulo e, ademais, aparece invadida pola melodía da primeira nun breve *intermezzo* que precede á terceira, elegante, iniciada polo óboe e o clarinete con fortes e poderosas intervencións do resto da orquestra; lixeira, con certo sentido do humor e escritura orquestral virtuosística, a cuarta fúndese coa última, a máis rápida e viva da serie.



PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 11 maio 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

SEN PALABRAS

REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA

Andreas Ottensamer, director e clarinete

- Felix Mendelssohn: Suite de *Lobgesang*, op. 52, e *Cancións sen palabras* (arr. A. Ottensamer)
- Piotr Ilyich Chaikovski: Sinfonía núm. 1 en sol menor, op. 13 TH 24, "Soños de Inverno"

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Andreas Ottensamer

Xoves 25 maio 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

NOVOS HORIZONTES

REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA

Jordi Francés, director

- G. Ligeti: Concerto romanés
- D. Shostakovich: Sinfonía de cámara, op. 110a
- R. Schumann: Sinfonía núm. 4 en re menor, op. 120 (versión 1851)

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Jordi Francés



C

Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura



@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA